

***Palabras de auga* chega aos nenos outra realidade que non existe nos videoxogos**



Rosé Carrera. Vigo. 22/06/2012

Marcos Calveiro é xa un nome ben coñecido dentro da literatura xuvenil e tamén de adultos. "Eu non distingo cando fago unha novela a que público vai dirixida", confesa este autor vilagarciano, aínda que afincado dende a súa infancia en Vigo.

Gañador de numerosos premios (entre outros, foi Premio da Crítica 2008) só lle faltaba nos seus andeis o Premio Merlín, que outorga Xerais, o máximo galardón para un escritor galego de literatura xuvenil, e que lle foi entregado o pasado sábado en San Simón. A obra premiada, *Palabras de auga*, traslada ao lector cara ao interior da África máis profunda. O escritor confía en vela publicada, como libro ilustrado, o vindeiro mes de setembro.

Que é *Palabras de Auga*?

O título é unha pequena imaxe poética, unha metáfora, porque trata dunha tribo nun lugar indeterminado de África que está no medio da sabana, no medio das secas, esfameada, fuxindo das guerrillas, da violencia e da fame. *Palabras de auga* alude a iso, a que non teñen auga. Alude a unha situación desesperada na que teñen que buscar o alimento mentres agardan a que o chamán reciba a inspiración dos deuses e decida sobre o seu futuro. A historia narra, en capítulos alternos e a través de flashbacks, como chegaron ata ese momento, todo visto polos ollos dun neno de once anos que se chama Amadou.

Sempre me preguntan por que escribindo en galego falo de outros lugares...

Non llo digo polo idioma, senón por esa procura de trasladarse a outros recunchos e a outras épocas.

As historias xurden e alí vou. Este libro xurdiu dunha nova aparecida nun xornal hai dous ou tres anos, cando a fame terrible que afectou ao Sahel. As mulleres se dedicaban a buscar nos formigueiros. Pereceume o máis brutal, que o ser humano tivese que chegar a eses extremos de ter que lle roubar o alimento ás formigas, que son os seres máis ínfimos de toda a natureza. Construíu toda a novela ao redor desa imaxe.

Como foi o labor de documentación para situar este drama nun lugar tan lonxano?

Foi, curiosamente, a novela para a que menos me documentei. Non falo dun país en concreto, nin dunha tribo en concreto. O que si hai na novela son palabras en suahili. O das linguas é algo moi presente na miña obra, é marca da casa.

Este drama está condicionado polo escenario, pola natureza?

Está marcado por un escenario que é unha chaira, unha inmensa sabana erma, inmensa, é a nada. Se o trasladas a unha familia de aquí, que estea no paro, o escenario cambia pero a situación dramática sería moi semellante. Pensando que é unha novela infantil, é unha situación dura, pero tamén hai momentos para o humor.

Entederán os nenos da nosa sociedade unha historia coma esta?

Agardo que si, senón lévoa clara! A meirande parte dos nenos do mundo viven nunha situación de conflito. É unha forma de achegarlles outra realidade que non aparece nos seus videoxogos, no cine e por ningures, e eles compréndeno moi ben cando llelo explicas.